

- o) Venderlle ou doarlle un animal a un menor de idade ou incapacitado sen a autorización do seu representante.
- p) Manter os animais en instalacións inadecuadas.
- q) Non facilitarlle á alimentación adecuadas ás súas necesidades.
- r) A utilización de animais en traballos que os inmovilicen causándolles dor.
- s) O sacrificio de animais en lugares públicos.
- t) Calquera outra acción ou omisión que infrinxa as disposicións contidas neste regulamento e non estea tipificada como grave ou moi grave.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA**

A inscrición no censo de animais deberase realizar no prazo de tres meses desde que entre en vigor esta ordenanza.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**

*Primeira:* Todas as instalacións dedicadas ao albergue de animais potencialmente perigosos deberán cumprir coas obrigas e previsións contidas nos artigos 17.1 e 2 e 18 desta ordenanza antes dos tres meses despois da entrada en vigor da presente ordenanza.

*Segunda:* Os titulares ou posuidores de animais potencialmente perigosos obxecto de regulación por esta ordenanza deberán proceder a súa identificación mediante un microchip antes dos tres meses da entrada en vigor da presente ordenanza.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**

*Primeira:* Esta disposición aplicarase sen prexuízo do establecido na lexislación vixente sobre especies protexidas e protección de datos.

Marín, a 27 de decembro de 2010.—O Alcalde-Presidente, Francisco A. Veiga Soto.

**2011000048**

---

**A N U N C I O**

Non producíndose reclamacións ó Regulamento do funcionamento dos locais de propiedade municipal do Concello de Marín é considerándose aprobado definitivamente, publícase no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei reguladora de Bases de Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

**REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DOS LOCAIS DE PROPIEDAD MUNICIPAL****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Concello de Marín cede o uso dos locais de propiedade municipal ás persoas físicas ou xurídicas para a realización de actividades de interese social en base a este regulamento.

O obxecto deste será a xestión interna e o funcionamento dos locais de titularidade municipal destinados á realización de actividades socio-culturais, para uso e disfrute da veciñanza de Marín, para satisfacer as necesidades que existen no concello.

**TITULO I***ART. 1 – OBXECTO*

É obxecto deste regulamento a xestión das cesións de locais municipais que este Concello poida facer por razón de interese público ou social e o uso dos mesmos que fagan os cesionarios.

*ART. 2 – LOCAIS MUNICIPAIS*

Os locais de titularidade municipal onde se realicen as actividades socio culturais serán:

- Casa de Cultura de Mogor
- Casa de Cultura de Seixo
- Locais da antiga Cámara Agraria
- Local municipal parque de Cantodarea
- Centro Social Caños de Moledo
- Centro Cultural da Bda. Virxe do Porto
- Locais Finca de Briz

Por razón de interese xeral, o Concello poderá acordalo peche de calquera dos locais municipais, sen que por elo os usuarios teñan dereito a indemnización algunha.

*ART. 3 – SOLICITUDES*

A utilización e solicitudes serán xestionadas e resoltas directamente pola Alcaldía ou concellería na que esta delegue

No escrito constarán os seguintes datos:

- Datos do solicitante
- Uxencias
- Duración da autorización
- Lista de actividades a realizar
- Número de ocupante
- Finalidade da autorización

As persoas físicas ou xurídicas solicitarán no Concello de Marín a cesión do uso do local municipal correspondente mediante modelo formalizado de solicitude, que estará disponible na oficina de atención ó público do concello.

Cando a solicitude de utilización dun local municipal fórmese por parte dunha persoa física empadroada no municipio de Marín, deberá acreditar que a actividade ou o uso que se vai dar o citado local estará destinado fundamentalmente a persoas residentes no concello, completando a actividade do mesmo na materia a que se refire, todo o cal deberá deixar debidamente xustificado na solicitude. No caso de que non quede acreditado o fin para o que solicita o uso do local, o concello poderá desestimar a petición formulada.

Considerarase requisito imprescindible para o acceso ó uso, a expresión dos días e horas de uso de ditos locais, así como a presentación dos documentos que o concello estime oportunos. As autorizacións para actividades para desenvolver ó longo dun ano escolar ou período dilatado, deberá solicitarse antes do 30 de novembro de cada ano, cunha planificación completa e calendario de actividades que queiran realizar, de xeito que o concello poida aprobar a programación xeral de utilización dos locais con certa antelación.

A solicitude deberase formular cunha antelación mínima de 15 días á data prevista de realización.

Non se autorizará o uso de locais municipais a entidades con ánimo de lucro.

No caso de certo tipo de actividades, se estas precisan seguro, deberase indicar expresamente na solicitude

#### *ART. 4 – PROCEDEMENTO*

O acordo de autorización do uso de locais municipais establecerá a duración do mesmo, indicando de forma expresa e concreta os espazos cedidos e o horario de uso.

En todo caso, a Alcaldía poderá disponer inicial ou posteriormente, o réxime de usos que considere oportuno, incluído o réxime de horarios e a compatibilidade de ditos usos.

### **TITULO II**

#### *ART. 5 – USOS*

Os espazos autorizados poderán utilizarse polas persoas beneficiarias exclusivamente para aquelas funcións e actividades que lle sexan propias, atendendo os obxectivos da autorización de uso.

No caso de que a actividade a realicen menores de idade sempre haberá un adulto responsable deles.

Calquera deterioro que se observe polo usuarios nos diversos locais, nos elementos ou instalacións deberán poñelo en coñecemento inmediato do Concello, o fin de adoptar as medidas oportunas.

Os usuarios dos locais municipais están obrigados ó uso e conservación dilixente en todo momento do inmovible en xeral, así como tamén do mobiliario, respondendo dos danos que poidan ocasionar os seus membros e usuarios, ben por acción ou omisión, efectuando de forma inmediata o seu cargo, previa autorización do concello, as reparacións necesarias.

#### *ART. 6 – ACTIVIDADES NON PERMITIDAS*

No interior do local autorizado e dentro do respecto á autonomía da persoa que o use, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohíbe a realización de calquera acto de carácter violento ou que atente contra a dignidade das persoas ou discrimine por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Queda prohibida a utilización dos locais cedidos para a realización de calquera actividade que non se contemple na autorización de uso, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

#### *ART. 7 – OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS*

Todos os beneficiarios están na obriga de cumprir as normas contidas no Título II

Tamén están obrigadas ó seguinte:

- Respetar os horarios de utilización establecidos nos acordos relativos á autorización de uso de locais.
- Destinar o espazo cedido as finalidades propias da persoa beneficiarias, realizando o seu programa de actividades.
- Conservar os espazos sinalados para o seu uso en óptimas condicións de salubridade e hixiene.
- Custodiar as chaves do centro e péchalo cando sexa a última entidade en usalo, salvo que o acordo previo dispoña outra cosa. Ó tempo velarán polo bo uso dos espazos cedidos, exercendo vixilancia e control dos usuarios.
- Non ceder a terceiros, nin total nin parcialmente, o uso do espazo que lle foi asignado.
- Non facer uso doutro local municipal que non sexa o expresamente autorizado na resolución.
- Comunicar o Concello de Marín calquera anomalía, incidencia ou problema que poida surxir, que será con carácter inmediato no suposto de urxencia.

- Permitir en todo momento ó Concello o exercizo das facultades de vixiancia e inspección no cumprimento deste regulamento.
- O Concello esixirá sempre a existencia dun responsable da actividade.
- Queda prohibido consumir sustancias psicotrópicas, fumar, introducir bebidas alcohólicas e alimentos, salvo cuando a actividade así o requira. Tamén queda prohibida a introducción de animais nos locais (a excepción de cans de guía).
- Prohibirase a entrada ás persoas que presenten signos de estar baixo os efectos do alcohol ou outras drogas.
- Non se poderán poñer nos locais ningunha publicidade que incite ao consumo de tabaco e/ou alcohol.
- Se se realiza algunha publicidade sobre actividades nos locais municipais sempre constará nela a colaboración do Concello.
- Non se poderán facer carteis ou folletos sen autorización do Concello.

### **TITULO III**

#### **ART. 8 – USO EN PRECARIO E PERMANENTE**

Trátase de la autorización do uso pola Alcaldía ou pola concellería na que se delegue, do uso dos locais municipais que polas súas dimensións non pode ser utilizado comunalmente, a favor de calquera asociación inscrita previamente no Rexistro Municipal de Asociacións, realizada cunha duración mínima dun ano, con carácter gratuito e a título precario, sen que en ningún momento poida considerarse que esta sexa un dereito económico ou arrendaticio a favor de calquera das partes, e sempre contando coa presentación previa dunha breve memoria de actividades.

#### **ART. 9 – BENEFICIARIOS**

Asociacións sen ánimo de lucro do ámbito municipal inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e que teñan por obxecto o ben común dos veciños a través das súas diversas manifestacións.

#### **ART. 10 – PRAZO DE DURACIÓ**

A cesión terá a vixencia mínima dun ano dende o momento do acordo coa Alcaldía. Finalizado este período procederase á renovación do mesmo sempre que as partes así o decidan.

Cando varias asociacións estivesen interesadas, terá dereito preferente a que o estea usando.

Polo seu carácter precario o concello poderá estinguila en calquera momento, sen indemnización, previo requerimento ao interesado realizado cun mes de antelación.

#### **ART. 11 – DEREITO DAS ASOCIACIÓNS AUTORIZADAS NO USO**

O dereito fundamental da asociación autorizada no uso será o de utilizar o local de xeito gratuito e permanente como sede social e para o exercicio dos fins para o que se creou.

#### **ART. 12 – OBRIGAS DAS ASOCIACIÓNS AUTORIZADAS NO USO**

Corresponde á asociación manter o bo estado do local, e observar a dilixencia debida no uso dos mesmos de xeito que non prexudiquen, poñan en perigo nin causen molestias aos outros autorizados no uso nin nos demais propietarios ou usuarios de vivendas e locais sitos no mesmo inmovible ou ao redor do local autorizado. Os grupos que utilicen material de propiedade municipal presentarán un inventario detallado del.

O Concello terá liberdade para entrar nos locais autorizados e disporá en todo momento de chaves de acceso a eles. Así mesmo, poderá dictar normas específicas para o uso concreto de calquera das instalacións, pola súa singularidade e polo seu uso concreto.

Non se poderá colocar nos locais mobiliario que non sexa cedido polo concello, nin outros materiais non autorizados. Ao tempo non se poderá almacenar material de actividades fora dos espazos adicados para cada autorizado, debendo quedar libres os espazos comúns.

#### **TITULO IV**

##### *ART. 13 – INFRACIÓNS*

Consideraranse infraccións totalas actuacións dos beneficiarios do uso de locais municipais que contraveñen as normas establecidas neste regulamento e conforme a seguinte calificación:

Infracción leve: Todas aquelas que no presente regulamento non se consideren graves ou moi graves.

Infracción grave:

- Causar danos e desfeitas no local ou dependencias anexas.
- Incumprir o relativo á prohibición de realizar actuacións con ánimo de lucro segundo o descrito no regulamento.
- Facer uso doutro local que non sexa o expresamente autorizado na resolución
- A reiteración, como mínimo en tres ocasións, na comisión de infraccións leve.

Infracción moi grave:

- Aquela que coa súa comisión aténtese contra a liberdade das persoas, a súa integridade física ou moral.

A reiteración, a lo menos en dúas ocasións, na comisión dunha infracción grave.

##### *ART. 14 – SANCIONES*

Aquelas persoas, tanto físicas como xurídicas, que cometan infraccións tipificadas no artigo anterior, previa instrucción do oportuno expediente, impondráselles as seguintes sancións:

- a) Infracción leve: Privación do uso do local de ata tres meses
- b) Infracción grave: Privación do uso do local de tres meses e un día a seis meses
- c) Infracción moi grave: Privación do uso do local.

##### *DISPOSICIÓN ADICIONAL*

As dúbidas que poidan surxir na aplicación deste regulamento ou sobre aspectos puntuais non regulados no mesmo, serán resoltas no Pleno, previos informes técnicos e xurídicos que se consideren pertinentes, cuios acordos poñeran fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme o previsto pola lei reguladora de dita jurisdicción sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, previstos nos artigos 116 e 117, da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

##### *DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA*

Facúltase ao Sr. Alcalde para dictar cantas normas de aplicación e desenvolvemento do presente regulamento sexan necesarias.

##### *DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA*

Este regulamento entrará en vigor ós quince días seguintes a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Marín, a 29 de decembro de 2010.—O Alcalde-Presidente, Francisco A. Veiga Soto.

**201100080**

**A N U N C I O**

Aprobado por Resolución da Alcaldía do día 27 de decembro de dous mil dez o Padrón das Taxas de auga, lixo e sumidoiro correspondente o cuarto trimestre do ano 2010 , estará a disposición do público no servizo de Xestión Tributaria deste Concello, durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidendo os interesados/as examinalo e presentar recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes a contar desde a finalización do período de exposición pública do Padrón.

De conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, en relación co establecido nos artigos 23 o 25 do Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e o artigo 62 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, de 17 de decembro, ponse en coñecemento dos contribuintes afectados, que o prazo de ingreso, en período voluntario, da taxa polos conceptos de auga, lixo e sumidoiro correspondente o cuarto trimestre do ano 2010 será o comprendido entre o 15 de xaneiro e o 15 de marzo, ambos inclusive, (ou o inmediato hábil posterior se aqueles foran festivos), no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora.

O imposto deberá pagarse a través das seguintes entidades colaboradoras, Caixanova, Caixa Galicia, Banco Gallego, La Caixa, BBVA, Banco Pastor, Banesto e o Banco Santander, empregando os formularios de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario ( agás os recibos domiciliados en entidades de depósito).

Os contribuíntes que a 15 de febreiro do 2011 non tivesen recibido nos seus domicilios os formularios de ingreso disporán de prazo ata o 15 de marzo de 2011 (ou o inmediato hábil posterior se aquel fora festivo) para os solicitar na oficina de Recadación Municipal do Concello de Marín e efectuar o pagamento, posto que a non recepción non exonera da obriga de pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, de 17 de decembro.

Finalizado o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento e devengarán os recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan (artigo 161 da Lei Xeral Tributaria).

Marín, a vinte e oito de decembro de dous mil dez. —O Alcalde, Francisco A.Veiga Soto. **2011000082**

\* \* \*

**NIGRÁN****E D I C T O**

**ACTO QUE SE NOTIFICA:** Resolución recurso reposición.

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, publícase notificación de resolución de recurso de reposición dos expedientes que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de tráfico polos axentes da autoridade, ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizar a notificación, logo de intentala no derradeiro enderezo coñecido do infractor, feito do que se ten constancia no expediente.

VILLAR GARCIA MORENO M JOSE

**LUGAR E FORMA DE PAGAMENTO**

Dentro dos 15 días hábiles seguintes á publicación:

a. —Mediante xiro postal dirixido ao Concello de Nigrán, sito na Praza da Constitución 1, Nigrán 36350 Pontevedra, facendo constar número de expediente, nome e matrícula.